



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

ANUNCIO

Aspirantes admitidos/as e excluídos/as para tomar parte no proceso de selección para a contratación laboral temporal dun Peón ao abeiro do Plan de Integración Laboral da Deputación Provincial de A Coruña (PEL CONCELLOS 2023)

Por Resolución desta Alcaldía nº 300/2023 de data 11 de xullo de 2023 aprobouse a Listaxe de aspirantes admitidos para tomar parte no proceso de selección *para a contratación laboral temporal dun Peón ao abeiro do Plan de Integración Laboral da Deputación Provincial de A Coruña (PEL CONCELLOS 2023)*

Dando cumprimento á citada Resolución procédese á publicación íntegra da mesma para xeral coñecemento.

Monfero, 11 de xullo de 2023. O ALCALDE Andrés Feal Varela

“RESOLUCIÓN

ASUNTO: ADMISIÓN CANDIDATOS POSTO PEÓN PEL 2023

EXPEDIENTE: 2023/G003/000314

ANTECEDENTES:

Logo de ver a convocatoria e as bases reguladoras para a contratación laboral temporal dun Peón e un Albanel ao abeiro do Plan de Integración Laboral da Deputación Provincial de A Coruña (PEL CONCELLOS 2023 aprobadas pola Xunta de Goberno Local deste Concello en data 26/04/2023 e publicadas no BOP nº 86, do 8 de maio de 2023.

Logo de ver acordo da Xunta de Goberno local deste Concello, do 28 de xuño de 2023, de reabrir o prazo para a presentación de solicitudes para o posto de Albanel, dado que non se presentou ningún candidato

Vistas as solicitudes para tomar parte no citado proceso de selección no posto de Peón, recibidas, no prazo establecido para a súa presentación, e a documentación achegada a elas e os informes que constan no expediente.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Admitir a única solicitude presentada para o posto de Peón correspondente ao candidato D. JOSE LUIS GARCÍA GARCÍA

SEGUNDO.- Facer pública a presente resolución, mediante a súa inserción no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello de Monfero, aloxado na sede electrónica (<https://sede.monfero.es>) da súa páxina web (concellodemonfero.com), e conceder un prazo de dous días hábiles, contados desde o seguinte ao da última publicación, para presentación de reclamacións, alegacións ou emendas de deficiencias ou erros, se fora o caso.

Monfero, 11 de xullo de 2023

O Alcalde,
Andrés Feal Varela

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)